

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2010

ASUNTO	Xornada divulgativa dirixida ao fomento do espírito emprendedor no ámbito educativo. Visita ao IES Pobra do Caramiñal
ORGANIZA	Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela
ASISTE	Rosa Cardeso <i>responsable do viveiro de empresas</i>
LUGAR	IES Pobra do Caramiñal <i>Maño s/n, Xobre –Pobra do Caramiñal–</i>
DATA	Mañá martes, 27 de abril
HORA	10:40 horas

Alumnos do IES Pobra do Caramiñal asisten mañá a unha xornada sobre emprendemento impartida pola Cámara de Comercio de Santiago

A Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, dentro da súa preocupación por fomentar o espírito e a cultura emprendedora entre os máis novos no ámbito educativo, está a desenvolver unha serie de xornadas informativas en institutos da súa demarcación cameral.

Nesta ocasión terán a oportunidade de escoitar os consellos que lles ofrezca a responsable do viveiro empresarial de Costa Vella, **Rosa Cardeso, 35 alumnos de 3º da ESO do IES Pobra do Caramiñal mañá ás 10:40 horas no seu centro de ensino.**

A xornada divulgativa, dunha hora e media de duración, está enfocada cara a orientación e motivación no autoemprego e a creación de empresas. Trátase dunha serie de xornadas de orientación e sensibilización sobre o espírito emprendedor na escola, dirixidas a alumnos de Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional dentro da campaña de divulgación do viveiro empresarial que a Cámara de Comercio.